LABORATORIO DE CREACIÓN
PARA ACTIVAR A CIDADE DUN XEITO INCLUSIVO

MUTACIONS URBANAS

DECEMBRO 2018

7H COOPERATIVA CULTURAL
CONCELLO DE SANTIAGO
Deputación DA CORUÑA

6 artistas profesionais + 6 liñas de acción + 7 colectivos sociais + 6 proxectos de creación + 105 novas voces creativas = unha cidade diferente

Mutacións Urbanas, visibilizando o invisible foi unha aposta por achegar a creación artística, como medio de expresión e apoderamento, a algúns dos colectivos máis invisibilizados das cidades: os das persoas con capacidades diferentes ou en risco de exclusión social.

A través de moi dispares disciplinas e dirixidas por artistas que destacan pola súa sensibilidade e formación educativa, desenvolvimos en comunicación directa cos propios colectivos (obxecto e suxeito da acción) seis propostas de intervención artística colectiva. A través delas, tentamos, en última instancia, xerar cambios positivos nos espazos que habitamos, visibilizando a riqueza da diversidade, descentralizando os recursos culturais e achegando ferramentas creativas que permitan participar democraticamente da arte e da creación no espazo público e activando dun xeito inclusivo as nosas urbes mediante a súa transformación en espazos máis inclusivos para todas.

Mutacións Urbanas, visibilizando o invisible partiu dun posicionamento altamente experimental, de clara implicación social e participativa que, na súa invitación colectiva, tomou como punto de partida a memoria que se agocha nos espazos que habitamos e que nos definen, buscando visibilizar artisticamente os intereses, preocupacións, sentimentos, capacidades e/ou cotiandades das persoas participantes (individual e colectivamente, como integrantes dun colectivo).

Os seis laboratorios ideáronse en relación directa coas persoas responsables dos sete colectivos e adaptáronse ás necesidades diferentes de cada participante, quen finalmente determinaron o número de sesións e horas, horarios e incluso dimensións de cada grupo. En

colectivo, escolléronse tamén os nomes definitivos de cada proposta, así como os lugares a intervir, polo que algunha sufriu lixeiras modificacións respecto á idea inicial.

No que se refire á comunicación pública, o proxecto foi constantemente difundido a través das nosas contas en redes sociais así como nas das entidades participantes e promotoras, e en colaboración co Concello de Santiago realizouse unha presentación á prensa que permitiu que o proxecto tivera repercusión nos medios de comunicación.

#OBXECTIVOS

-Apoderar a colectivos en situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión social a través de ferramentas de expresión artística.

-Democratizar a arte contemporánea achegando os procesos de creación á cotiandade, como medio de expresar outros modos de vivir e habitar a cidade e deslocalizando a práctica artística dos territorios asumidos como propios da mesma.

-Re/Descubrir o territorio urbano como espazo propio, implicando a participantes e usuarias na vivencia responsable e igualitaria da súa cidade.

-Re/Pensar as cidades desde a cidadanía e a creación, apostando por un modelo de cultura descentralizado e que busca a integración participativa na vida comunitaria.

-Crear unha visión social do diferente como posibilidade e non como limitación, rachando estereotipos e paternalismos sobre as persoas con capacidades diferentes.

#CRONOGRAMA



#SOÑOS,
laboratorio de creación escénica feminista

Obradoiro de artes escénicas + creación artística + *performance*
Dirixido por **Carolina Fernández**
Participantes: 20 mulleres do programa Calí
Colectivo: **Fundación Secretariado Gitano**
Data e localización: 10, 14 e 17 de decembro no CSC de Fontiñas.

Soños configurouse como un laboratorio de improvisación *performativa* e creación escénica participativa que buscou xerar un dispositivo de práctica artística entre a creación, a invención conceptual, o documental e a acción social. A partir da memoria persoal e o uso das capacidades da arte como ferramentas desde as que afrontar desde unha perspectiva de xénero os retos da vida diaria e alcanzar novas metas sociais, artísticas e persoais, traballamos a cohesión do grupo e a sororidade xunto a 20 mulleres do programa Calí.





#TRAXECTORIAS CRUZADAS,
laboratorio de creación plástica

Obradoiro de arte contemporánea + creación artística + intervención no espazo público
Dirixido por **Rebeca Mariño**
Participantes: 10 persoas
Colectivo: **ASPANAES**, asociación de familiares de persoas autistas.
Data e localización: 26 de novembro, 18 e 19 de decembro, entre Villestro e a zona vella de Santiago (Belvís e arredores do Teatro Principal)

Traxectorias Cruzadas foi un obradoiro de creación plástica e intervención no espazo público realizado en colaboración con ASPANAES no que a arte serviu de medio para crear un mapa psicoxeográfico da cidade. A través do emprego de pictogramas, que as persoas con TEA (Trastorno de Espectro Autista) manexan con gran riqueza creativa, propuxemos un encontro de rutas así como diversas accións artísticas no espazo público coas que reflexionamos sobre a vivencia colectiva da cidade desde as capacidades diferentes.

#PEDRAS NO CAMIÑO

laboratorio de creación contemporánea e arte de acción

Roteiro de creación + transformación artística + performance
Dirixido por **Roi Domínguez**
Participantes: 10 persoas
Colectivo: **Down Compostela**
Data e localización: 11, 12, 13, 14 18, 20 e 21 de decembro, entre Santa Marta, o Banquete de Conxo e a zona vella de Santiago (Franco, Quintana e Obradoiro)

Pedras no camiño foi un obradoiro de creación contemporánea e arte de acción que realizamos xunto a Down Compostela a partir dun proxecto procesual: as pedras que recollemos nun camiño, representación da máis insignificante micromemoria urbana, transformámolas nun obxecto de agasallo a través dos procedementos lexitimadores da arte contemporánea, como a escultura a partir de moldes e a pintura alimenticia. Convertidas en obxectos de agasallo, espallamos a maxia da creación na cidade como unha sorte de espigadoras e pasteleiras modernos.

#MEMORIA PÚBLICO/PRIVADO
laboratorio de creación audiovisual interxeneracional

Memoria e narración oral + creación audiovisual + cinema experimental
Dirixido por **Diego Rodríguez Cordeiro**
Participantes: 30 persoas
Colectivos: alumnado do **IV Ciclo da USC** e bacharelato artístico do **IES de Sar**
Data e localización: 26 de novembro e 12, 13, 17, 18, 19, 20 e 21 de decembro, entre Sar e Comunicación Audiovisual.

Memoria Público-Privado foi un laboratorio interxeneracional de creación audiovisual baseado no uso de teléfonos móbiles como ferramenta artística. Nel, dous colectivos totalmente distanciados en franxa de idade e coñecementos vitais e tecnolóxicos, como son as mozas e mozos dun instituto e as persoas maiores de 50 anos, traballaron conxuntamente na creación dunha longa audiovisual. Con esteo fin, partiuse da definición dunha idea conxunta que levou a creación por parte de cada participante dunha peza individual de non máis dun minuto no que cada un expresaba o seu modo de entender o espazo público. O resultado foi unha sorte de cadáver exquisito audiovisual.

#HABITANDO

laboratorio de creación contemporánea e intervención mural

Arte contemporánea + feminismo + intervención no espazo público
Dirixido por **Eva Agra**
Participantes: 10 persoas
Colectivo: asociación **Centinelas**
Data e localización: 27 de novembro e 18, 20, 21, 27, e 29 de decembro, en Área Central.

Habitando foi un laboratorio de creación contemporánea e intervención mural no que o colectivo de mulleres participantes, integrantes de integrantes de Centinelas (Asociación de axuda a mulleres e nais en situación de vulnerabilidade), reflexionou sobre temas que lles preocupaban, como as maternidades, os coidados, a nosa memoria e a das nosas familias, a infancia e as nosas raíces, entre outros temas. A través de técnicas e ferramentas diferentes como a fotografía, o bordado ou a pintura, xurdiu unha persoal instalación, inaugurada o 29 de decembro de 2018 en Área Central e exposta temporalmente no palco principal deste centro comercial.

#DJ INCLUSIVO
laboratorio de creación sonora

Creación e experimentación sonora + intervención no espazo público
Dirixido por **Javier Pérez 'Jas Processor'**
Participantes: 25 persoas
Colectivo: asociación **ASPAMITE**
Data e localización: 5, 7, 12, 19 e 21 de decembro no Concello de Teo.

DJ Inclusivo foi un laboratorio de experimentación sonora e intervención no espazo público, realizado en colaboración con integrantes de ASPAMITE (Asociación de Pais de Persoas con Diversidade Funcional de Teo). No contexto dun mundo dixital e tecnolóxico amplamente individualista, formulamos unha aposta por regresar á música desde o analóxico e como unha experiencia cultural colectiva. A partir duns discos de vinilo seleccionados polas propias participantes, experimentamos e creamos unha composición sonora en colectividade a partir das nosas voces, o ruído e o scraching. Lamentablemente, por mor das inclemencias meteorolóxicas, a actuación final prevista tívose que realizar no propio centro da asociación en lugar de no espazo público.

SELECCIÓN DE IMAXES


Esta caixa contén o rexistro do laboratorio de creación artística "Pedras no Camiño", realizado por Roi Domínguez e Down Compostela no marco do proxecto de 7H Cooperativa Cultural "Mutacións Urbanas. visibilizando o invisible". Un bocado doce para reflexionar sobre os procesos lexitimadores da arte contemporánea e as súas capacidades transformadoras que fan posible que un obxecto orixinariamente falto de valor e con claras connotacións negativas -coma as pedras que nos atopamos no camiño- muten nun elemento de valor conservado a memoria da súa orixe e das decisións tomadas durante o proceso.

MU TA CIÓNS UR BA NAS

LABORATORIO DE CREACIÓN
PARA ACTIVAR A CIDADE
DUN XEITO INCLUSIVO.
Do 12 ao 30 de setembro
en distintos espazos da cidade.

mauro trastoy

7H COOPERATIVA CULTURAL · CONCELLO DE SANTIAGO · SERVIZO GALEGO de SAÚDE · Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela · Santiago de Compostela · ARELAS · Aspanaes · Centinelas ASOCIACIÓN · SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA · planeta shalom

MUTACIÓNS URBANAS

Laboratorio de Creación para activar a cidade dun xeito inclusivo.

6 artistas profesionais + 5 liñas de acción + 7 colectivos sociais + 5 proxectos de creación + 109 novas voces creativas = unha cidade diferente

7H Cooperativa Cultural,

en colaboración co Concello de Santiago.

Setembro e Outubro de 2016

Mutacións Urbanas foi unha aposta por achegar a creación artística e facilitar a palabra a algúns dos colectivos máis invisibilizados da cidade: nenos enfermos, menores trans, persoas autistas ou con enfermedades mentais, persoas en rehabilitación ou migrantes en risco de exclusión social foron os protagonistas de cinco laboratorios de creación colectiva dirixidos a súa vez por seis artistas que destacan, entre outros motivos, pola súa sensibilidade e formación educativa.

A través de disciplinas tan dispares como a pintura, a arte de acción, a reciclaxe ou a escultura en lá, e a través de diversos encontros con colectivos e entidades asociativas da cidade, desenvolvéronse durante setembro cinco propostas de intervención artística que ata outubro foron xerando materiar artístico residual pola cidade, implicando así non só aos colectivos e participantes, se non a toda a cidadanía.

#PARCHEADOS

Dirección: Io Morales (Pontevedra, 1986).

Participantes: 19 persoas

Colectivos: Proxecto Home Galicia e Feafes Galicia.

Data e localización: 12 e 19 de Setembro, Biblioteca Pública Anxel Casal.

Obxetivos: aproximarnos á técnica escultórica mediante materiais cotiáns, rachar os roles de xénero asociados á técnica do ganchillo, implementar unha práctica manual baseada na repetición e altamente recomendada para os colectivos implicados, establecemento de relacións entre colectivos e entre estes e a sociedade, favorecer a autonomía e o pensamento crítico que nos pode aportar a creación a nosa vida diaria.

Desenvolvemento:

Durante a primeira sesión facilitáronse aos participantes, na maioría homes, as instrucción básicas para crear con lá, adentrándose na técnica do ganchillo e deconstruíndo de xeito práctico a visión doméstica e menor deste arte. Durante a segunda sesión empregouse o material creado para realizar dúas intervencións artísticas no espazo público: nos adoquíns de entrada á biblioteca chamouse a atención sobre o deterioro do espazo público, e no aparcadoiro de bicis realizouse unha intervención máis estética para resaltar os medios de transporte ecolóxico.

GXK

#COR CARNE?

Dirección: Angélica Dass (Río de Janeiro, 1979).

Participantes: 40 persoas.
Colectivos: Planeta Shalom e Asociación Centinelas.

Data e localización: 16 de Setembro, Área Central. Presenza residual durante o mes de Outubro en distintos espazos públicos da cidade.

Obxetivos: demostrar que ninguén e blanco ou negro, rachar cos estereotipos raciais, facilitar ferramentas a educadores e familias para loitar contra o racismo, desfrutar da diversidade cromática e empoderar aos cativos en risco de exclusión social, visibilizar a riqueza de matices da nosa cidade e difundir o enorme traballo de Humanae.

Desenvolvemento:
O 16 de Setembro celebráronse dous intensos encontros de creación cos que puidemos demostrar que non existe a cor carne. Da man da artista brasileña Angélica Dass e na liña do seu internacional proxecto fotográfico Humanae, traballamos cun grupo de 20 educadores nunha primeira sesión e con 14 nenas e nenos e os seus pais nunha segunda, na procura de crear con eles un pequeno muestrario cromático das distintas tonalidades de pel existentes na nosa cidade.
Este variado pantone froito dos traballos artísticos resultantes, foi transformado en pegatinas que, buscando visibilizar o proxecto e seguindo as pautas tanto do street art, como da publicidade de guerrilla, foi colocado en distintos puntos da cidade polos propios participantes durante o mes de Outubro.

Centinelas
ASOCIACIÓN

#CON LUZ PROPIA. UNIVERSO DIVERSO.

Dirección: Diego RoCo (Compostela, 1989).

Aínda que inicialmente se plantexara como un laboratorio de fotografía e light-painting dirixido por Yolanda Hermida, as necesidades e inquietudes da propia Asociación implicada levaron a desenvolver un programa de arte e acción que respondía máis á experiencia do artista Diego RoCo, que pasou a ocuparse da proposta.

Participantes: 20 persoas.

Colectivos: Arelas, asociación de familias de menores trans.

Data e localización: 25 de Setembro, prazas e rúas do casco vello e parque da Alameda.

Obxetivos: empoderar aos menores trans e aos seus familiares a través da acción artística, visibilizar a realidade trans duns xeito positivo, diurno e alegre, para loitar cos estereotipos tradicionalmente asociados a este colectivo, defender o noso dereito á diversidade compartindo as reivindicacións das plataformas trans e facendo partícipes desta realidade a toda a cidade.

Desenvolvemento:
Durante a xornada do 25 de Setembro as rúas da zona vella compostelana foron protagonistas de diversas accións artísticas creadas para visibilizar ao colectivo trans da cidade. A modo de performance e involucrando aos viandantes, os participantes bailaron desde o Obradoiro á Alameda ao ritmo dun tema composto específicamente para a ocasión polo grupo trans Canela Cafuné, mentras agasallaban aos habitantes e visitantes de Compostela con globos, flores, pulseras e pegatinas que recollían o lema e a enerxía da acción: o Universo é diverso, e nós tamén.

LARELAS



#A NOVA VIDA DOS OBXECTOS.

Dirección: Beatriz Lema (A Coruña, 1985).

Participantes: 20 persoas.

Colectivos: Aspanaes, asociación de familiares de persoas autistas.

Data e localización: 26 de Setembro no Centro de Día de Villestro, e 28 de Outubro na Rúa de Sánchez Freire.

Obxetivos: empregar artísticamente materiais de refugallo desde un posicionamento de consciencia ecolóxica, implementar unha práctica manual baseada na repetición e altamente recomendada para o colectivo implicado, facilitar a creación colectiva e visibilizar o proceso ao resto da sociedade, rachar cos estereotipos e posicionamentos paternalistas asociados ás persoas con espectro autista, empregar todo o anterior para loitar conxuntamente co feismo da cidade.

Desenvolvemento:
Descartados pratos de porcelana que un pequeno almacén galego foi rescatando tralo peche de varias fábricas galegas, foron o material de refugallo escollido por Lema como soporte dunhas renacidas pezas artísticas coas que se buscou aportar novas cores (e miradas) á cidade. A técnica escollida durante a primeira sesión deste laboratorio foi a pintura cerámica, para, a través da creación libre e individual conformar unha construcción colectiva que rematou nunha intervención mural no barrio de Conxo, grazas a colaboración coa Asociación de comerciantes da zona.

ESTA INTERVENCIÓN
É O RESULTADO DO OBRADOIRO
"A NOVA VIDA DOS OBXECTOS". REALIZADO
POR PERSOAS CON AUTISMO (ASPARNAES) EN
COLABORACIÓN COA DESEÑADORA BEA LEMA.
ESTA ACTIVIDADE FORMOU PARTE DO PROGRAMA
"MUTACIÓNS URBANAS". UN LABORATORIO DE
CREACIÓN PARA ACTIVAR A CIDADE DUN XEITO
INCLUSIVO. ORGANIZADO POR 7R COOP. CULTURAL
EN COLABORACIÓN CO CONCELLO DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA.
DURANTE SETEMBRO DE 2016.

#FABULATORIO

Dirección: Eva Agra (Compostela, 1990) e Lara Torres (Rianxo, 1989).

Participantes: 10 persoas.

Colectivos: colectivo de menores ingresados no Hospital Clínico.

Data e localización: 30 de setembro, Aula Hospitalaria do Servizo de Pediatría.

Obxetivos: reducir ou eliminar a través da arte o síndrome do hospitalismo (deterioro anímico progresivo que sufren os menores hospitalizados), minimizar o impacto negativo da estancia hospitalaria, implicar aos menores na toma de decisións sobre o entorno hospitalario e a súa necesaria transformación, continuar a investigación sobre pautas de transformación cromática e figurativa no Hospital.

Desenvolvemento:
No marco do proxecto Algo Máis de Cor: terapia habitación de hospital, Fabulatorio xurde como oportunidade de vincular as teorías da investigación THH, as propostas de ilustradores profesionais sobre as mesmas e os propios usuarios da área de pediatría. Mezclando ilustración, collage e creación literaria Agra e Torres traballaron cos menores na creación dos protagonistas e o ambiente cos que transformar cromáticamente algún dos grises espazos do hospital. *A Habitación Costeira* foi a proposta resultante, a cal, reinterpretada de novo polas propias ilustradoras e adaptada a súa vez á habitación 101, foi trasladada á cooperativa de artes gráficas *Pegadas* para que a transforme nun vinilo que se instalará na propia habitación.